

Recomendación dirixida á Corporación Radio e Televisión de Galicia debido á carencia de informativos en lingua de signos e con subtítulos pola mañá e na noite

Expedientes: G.6.Q/180/18 e
1048 expedientes máis

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Sr. director xeral:

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa como consecuencia dos escritos da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) e de diferentes persoas físicas.

ANTECEDENTES

1. Nos seus escritos indicánnos que non existen informativos das noticias en lingua de signos durante a primeira hora da mañá e a última hora da noite, e tampouco existen subtítulos nas noticias.

A TVG ten barreiras de comunicación que afectan as persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva.

O programa informativo especial para xordos en lingua de signos española (LSE) emítese unha soa vez ao día, ás 15:30, cunha duración de 60 minutos. Ese programa non se emite nin as fins de semana nin os festivos. Cunha hora diaria de luns a venres a información resulta escasa e non está suficientemente actualizada. É necesario ampliar o horario a mañá e noite para que a información das noticias estea actualizada, en igualdade de condicións que o resto dos/as cidadáns/as galegos/as.

O informativo xa comezou a emitirse en 1991. Ao longo do tempo tivo algunhas melloras. Con todo, é necesario ampliar o número de horas en lingua de signos e de subtítulos. En relación a isto último, non existen subtítulos para os programas informativos que se emiten ao longo do día.

A Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, no seu artigo 34.3 sinala (accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización): "*Os medios de comunicación audiovisual*

dependentes das administracións públicas de Galicia realizarán e manterán, debidamente actualizado, un plan de medidas técnicas que permita gradualmente, mediante a incorporación da subtitulación, a audiodescripción e a interpretación en lingua de signos, garantir o dereito á información ás persoas con discapacidade, nos termos establecidos especificamente na lexislación xeral audiovisual".

Reclaman o dereito a un acceso á información e á comunicación como vía de supresión de barreiras de comunicación que afectan diariamente as persoas xordas, sordociegas e con discapacidade auditiva.

2. Ante iso requirimos información á CRTVG, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

"A Lei Xeral da Comunicación Audiovisual (Lei 6/2012, do 1 de agosto) está destinada a regular o réxime xurídico da radio e a televisión para o acceso de persoas con discapacidade. Dentro da variedade de ámbitos que estipula esta lei, o seu artigo 8.2, con fin de garantir os dereitos das persoas con discapacidade, establece: "As persoas con discapacidade auditiva teñen o dereito a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, subtitule o 75% dos programas e conte, polo menos con dúas horas á semana de interpretación con lingua de signos".

Co fin de favorecer o acceso a este colectivo, a disposición transitoria quinta desta Lei 6/2012, baixo o título "Servizos de apoio para as persoas con discapacidade" contempla a obriga, por parte das cadeas de televisión públicas e privadas, de ofrecer unha importante parte dos seus contidos con subtitulado, audiodescripción e linguaxe de signos, en determinadas porcentaxes.

Circunscrita a reclamación á emisión do programa informativo especial para xordos "durante a primeira hora da mañá e a última hora da noite e os subtítulos nas noticias e en xeral", haberá de recoñecerse e converterse que a CRTVG ven realizando un permanente e continuado esforzo por aumentar progresivamente a programación con accesibilidade para persoas xordas.

Dende o inicio do servizo no ano 1991, implantáronse e seguen a implantarse melloras destinadas á súa provisión, non so polas esixencias derivadas da normativa estatal ou autonómica ao respecto, senón por propio convencemento e autoesixencia societaria. E isto é tan así, que a devandita autoesixencia incorporouse expresamente aos propios estatutos corporativos e integra a propia identidade corporativa na súa fundamental misión de cumprimento do servizo público encomendado.

Sen prexuízo do significado con carácter programático, non pode ser alleo, en calquera caso, o obxectivo e propósito que se ven de deixar exposto as inevitables limitacións orzamentarias que restrinxen e constriñen as propias iniciativas e vontades organizativas.

Aínda así, como xa se dixo, a CRTVG continuará esforzándose na atención da accesibilidade ao servizo de comunicación audiovisual non só das persoas xordas, senón de todos os colectivos con discapacidade. E nesta teima implantará progresivamente medidas de reforzo das actuais como ven facendo dende o ano 1991.

En calquera caso, dende a exclusiva perspectiva do servizo público de información e sen cuestionar non xa a conveniencia, senón a mesma necesidade de ampliación dos informativos con lingua de signos, non deixa de ser certo que a CRTVG ven de facer un extraordinario esforzo de potenciación da súa páxina web no que atinxe a unha información continuamente actualizada onde cada nova vai acompañada dun texto explicativo. Tamén se recollen as demandas nos novos contidos onde a tecnoloxía o permite. As redes sociais, son accesibles, e a última mellora neste eido é Instagram. Dende 2018 todos os vídeos van acompañados de subtítulo.

Outra vía de información é a canle "G Contigo", un servizo de mensaxería personalizado vía whatsapp que tamén permite acceder á información dende o móbil en formato de texto e imaxe".

ANÁLISE

1. A lei 7/2010, de 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, establece (artigo 8; os dereitos das persoas con discapacidade): "1. Las personas con discapacidad visual o auditiva tienen el derecho a una accesibilidad universal a la comunicación audiovisual, de acuerdo con las posibilidades tecnológicas. 2. Las personas con discapacidad auditiva tienen el derecho a que la comunicación audiovisual televisiva, en abierto y cobertura estatal o autonómica, subtitle el 75% de los programas y cuente al menos con dos horas a la semana de interpretación con lengua de signos. (...) 4. Los poderes públicos y los prestadores fomentarán el disfrute pleno de la comunicación audiovisual para las personas con discapacidad y el uso de buenas prácticas que evite cualquier discriminación o repercusión negativa hacia dichas personas. Con objeto de garantizar la calidad del servicio y la satisfacción de las personas destinatarias, los prestadores del servicio de comunicación audiovisual deberán atenerse, en la aplicación de las medidas de accesibilidad, a las normas técnicas vigentes en cada momento en relación con la subtitulación, la emisión en lengua de signos y la audio-descripción. Los prestadores de servicios de comunicación audiovisual podrán emplear, excepto la Corporación RTVE, el patrocinio para sufragar las medidas de

accesibilidad. 5. Los prestadores del servicio de comunicación audiovisual procurarán ofrecer en sus emisiones una imagen ajustada, normalizada, respetuosa e inclusiva de las personas con discapacidad, en tanto que manifestación enriquecedora de la diversidad humana, evitando difundir percepciones estereotipadas, sesgadas o producto de los prejuicios sociales que pudieran subsistir. De igual modo, procurarán que su aparición en la programación sea proporcional al peso y a la participación de estas personas en el conjunto de la sociedad.

A súa disposición transitoria quinta (servicios de apoio para as persoas con discapacidade) sinala que (1) “los servicios de accesibilidad de las personas con discapacidad en la programación de los canales a que se refiere el artículo 8 deberán haber alcanzado a 31 de diciembre de cada año los siguientes porcentajes y valores:

	2010	2011	2012	2013
Subtitulación	25%	45%	65%	75%
Horas lengua signos	0,5	1	1,5	2
Horas audiodescripción	0,5	1	1,5	2

(2) Los servicios de accesibilidad de las personas con discapacidad en la programación de los canales de servicio público deberán haber alcanzado a 31 de diciembre de cada año los siguientes porcentajes y valores:

	2010	2011	2012	2013
Subtitulación	25%	50%	70%	90%
Horas lengua signos	1	3	7	10
Horas audiodescripción	1	3	7	10

2. O Servizo público de comunicación audiovisual regúlase no artigo 40: “1. El servicio público de comunicación audiovisual es un servicio esencial de interés económico general que tiene como misión difundir contenidos que fomenten los principios y valores constitucionales, contribuir a la formación de una opinión pública plural, dar a conocer la

diversidad cultural y lingüística de España, y difundir el conocimiento y las artes, con especial incidencia en el fomento de una cultura audiovisual. Asimismo los prestadores del servicio público de comunicación audiovisual atenderán a aquellos ciudadanos y grupos sociales que no son destinatarios de la programación mayoritaria. En cumplimiento de las misiones establecidas en el párrafo anterior, el servicio público de comunicación audiovisual tiene por objeto la producción, edición y difusión de un conjunto de canales de radio, televisión y servicios de información en línea con programaciones diversas y equilibradas para todo tipo de público, cubriendo todos los géneros, destinadas a satisfacer las necesidades de información, cultura, educación y entretenimiento de la sociedad y a preservar el pluralismo en los medios de comunicación. 2. El Estado, las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales podrán acordar la prestación del servicio público de comunicación audiovisual con objeto de emitir en abierto canales generalistas o temáticos, en función de las circunstancias y peculiaridades concurrentes en los ámbitos geográficos correspondientes y de los criterios establecidos en el apartado anterior. Los órganos competentes de cada Comunidad Autónoma decidirán dentro de los múltiples digitales que se les reserven, los canales digitales de ámbito autonómico que serán explotados por el servicio público de comunicación audiovisual televisiva y los que serán explotados por empresas privadas en régimen de licencia”.

3. A Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, establece (artigo 2; encomenda da xestión do servizo público de radio e televisión): “A entidade prestadora á que se lle encomenda a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia é a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S. A. (Corporación RTVG).

Entre os seus principios inspiradores (art. 4) sinala “a garantía do dereito das persoas con discapacidade ao acceso de forma efectiva aos contidos emitidos”.

O artigo 5 (obxecto do servizo público) establece que “o servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinadas a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega.

4. Tal e como subliñan as queixas, a lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, artigo 34.3, sinala (accesibilidade dos sistemas de comunicación e sinalización) que "os medios de comunicación audiovisual dependentes das administracións públicas de Galicia realizarán e

manterán, debidamente actualizado, un plan de medidas técnicas que permita gradualmente, mediante a incorporación da subtitulación, a audiodescripción e a interpretación en lingua de signos, garantir o dereito á información ás persoas con discapacidade, nos termos establecidos especificamente na lexislación xeral audiovisual".

5. A regulación sinalada implica que a TVG está afectada pola disposición transitoria 5ª, parágrafo 2º, da Lei 7/2010, de tal xeito que na actualidade debería ter o 90 % da programación con subtítulos, 10 horas en lingua de signos e 10 horas de audiodescripción.

No que se refire á programación en lingua de signos o informe non xustifica o cumprimento do mínimo sinalado.

6. A valedora do pobo asinou un convenio de colaboración coa Fundación ONCE, COGAMI, FADEMGA-Plena Inclusión e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia co fin de que esas entidades de defensa dos dereitos das persoas con diversidade funcional aportaran comprobacións e peticións para a realización do Estudo sobre Accesibilidade en Galicia que se presentará en breve no Parlamento de Galicia.

A federación de asociacións de persoas xordas de Galicia inclúe un cuestionario de accesibilidade na TVG para as persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva. Inclúe preguntas sobre o actual programa "telexornal mediodía para xordos", que se emite de luns a venres ás 15.30 cunha duración de sesenta minutos. O obxectivo é valorar a necesidade de melloras.

O cuestionario pregunta sobre a satisfacción co horario no que se emite o programa, ao que o 51% sinala que está satisfeito. Porén, se sinala que normalmente os informativos emítense de 14.30 a 15, a diferenza do telexornal para xordos, que se emite media hora mais tarde. Existe un atraso á hora de coñecer as noticias por parte das persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva.

Tamén pregunta se é necesario que o programa se emita pola mañá, pola tarde e pola noite, ao que o 99% responde que si. Reclaman que se emita do mesmo xeito que outros informativos, en tres horarios diferentes, para coñecer toda a información ao longo do día, como o resto dos cidadáns.

Se pregunta se debe emitirse os sábados, domingos e festivos, ao que o 97% sinala que si. Resaltan que é moi importante acceder a toda a información do mesmo xeito que o resto de cidadáns de Galicia. Para iso é necesaria a emisión o fin de semana.

5. En primeiro termo debe analizarse o cumprimento das obrigas de programación da TVG, e así mesmo a conveniencia de promover melloras respectos dos mínimos establecidos.

A normativa actual (disposición transitoria 5ª, parágrafo 2º, da Lei 7/2010) establece un mínimo de programación en lingua de signos. A CRTVG non xustifica que neste intre estea a cumprilo, polo que debería aclararse e, no seu caso, ampliarse a programación en lingua de signos ata ese mínimo.

Ademais, tendo en conta que a TVG, integrada na Corporación Radio e Televisión de Galicia, xestiona o servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, e que entre os seus principios inspiradores se atopa a garantía do dereito das persoas con discapacidade ao acceso de forma efectiva aos contidos emitidos, debería procurar a progresiva implantación de melloras no seu servizo en beneficio da accesibilidade universal, o que inclúe o aumento progresivo da programación en lingua de signos, especialmente na programación informativa, dentro dos marco orzamentario da corporación.

6. As moitas persoas que promoveron esta queixa demandan a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar á CRTVG a seguinte recomendación:

Que con urxencia se aclare o cumprimento do horario mínimo en lingua de signos nos informativos da TVG, e no caso de que aínda non se chega ás 10 horas, se adopten as medidas para o cumprimento dese mínimo; e que como servizo público autonómico a TVG adopte medidas de incremento progresivo de accesibilidade para as persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva na súa programación, especialmente as horas de emisión con lingua de signos nos servizos informativos e a subtitulación na programación.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da

aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente,

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo